



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo-e: adeqa@adeqa.gal

RECURSO DE ALZADA

Á PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALIZA

Fins Eirexas Santamaría DI XXXXXXXX-X, secretario técnico de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) CIF G15044811, en representación desta entidade con enderezo a efectos de notificación na Avenida de Castelao 20, baixo, CP 15704, Santiago de Compostela, comparece e por medio deste escrito e interpón **RECURSO DE ALZADA** contra a resolución de 28 de outubro de 2020 da Directora Xeral de Augas de Galiza pola que se autoriza o “*Proyecto de Drenaje Temporal de la mina de Touro*”, nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), expediente DH.W15.64849, formulando a tal efecto as seguintes,

CONSIDERACIÓNS:

1. Sobre o carácter temporal do proxecto de drenaxe: Tanto por parte da peticionaria como pola administración na súa resolución, insístese no carácter temporal dos bombeos agora autorizados. Esta temporalidade respoosta á limitada capacidade da balsa de Vieiro para acoller os caudais desviados dos regos Felisa, Portapego e Angumil (regó das Rozas), así como á necesidade de dar “*un pouco máis marxe temporal*” (*sic*) á concesionaria para redactar o proxecto definitivo de control e tratamento das augas contaminadas, requirido polo servizo de Enerxía e Minas en 2018.

Na documentación do proxecto sinálase como horizonte máximo de funcionamento da drenaxe un período de 6,8 meses, tempo que demorarían as augas vertidas de Vieiro en acadar a cota +6 con respecto ao nivel no momento da redacción do proxecto. Este período de 6,8 meses é mencionado na resolución de autorización do proxecto por parte de Augas de Galiza (condición particular 1) mais tamén que a capacidade da balsa de Vieiro esgotaríase en 5,6 meses, a teor do informe do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica (condición particular 2). Hai pois unha clara indeterminación, se non contradición, a respecto do período de operación das drenaxes autorizadas, unha cuestión crítica a teor da limitada capacidade da balsa.

2. Sobre o destino das augas unha vez rematado o proxecto temporal: Na súa resolución, o organismo de bacía dá a empresa un prazo de 3 meses a partir da data de comezo das obras de bombeo para presentar o proxecto definitivo de tratamento das augas interiores. Segundo informes da propia administración hidráulica (Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica), o proxecto definitivo de tratamento e control de augas que debería achegar Explotaciones Gallegas SL. como condición para autorizar a drenaxe temporal, implica *“tarefas que se prevén complicadas e posiblemente se dilaten no tempo” (sic)*. É preciso sinalar tamén que através de diversas resolucións, o servizo de Enerxía e Minas xa dera en 2018 un prazo de 3 meses á concesionaria para presentar dito proxecto definitivo, que tamén debería incluír un seguemento das calidades das augas do oco de Vieiro. Estes requerimentos foron reiteradamente ignorados por Explotaciones Gallegas SL.

Se Augas de Galiza, ao igual que aconteceu co servizo de Enerxía e Minas, volta a confiar nunha peticionaria que xa incumpríu resolucións administrativas previas, pretendendo que achegue en 3 meses un proxecto definitivo (que non presentou en 2 anos), malia a recoñecer a complexidade deste, podería acontecer que a balsa de Vieiro acade a súa capacidade máxima sen que haxa unha solución para o problema das augas contaminadas da mina. Daquela, cal sería o destino das augas contaminadas dos ríos Felisa, Portapego e Angumil (regó das Rozas) despois dos 5,6 (ou 6,8) meses de vida útil do proxecto de drenaxe temporal? Suprimíranse os bombeos voltando á situación actual ou manterase o desvío enviando as augas contaminadas a outra balsa mineira?

Non ter en conta estes feitos e circunstancias á hora de autorizar o proxecto de drenaxe temporal revela unha grave falta de previsión por parte da administración. Considerando ademais que, como recolle Augas de Galiza na súa resolución en resposta ás alegacións presentadas, *“A presente solución temporal presenta a vantaxe de evitar o aporte directo dos efluentes ás bacías dos ríos Felisa, Portapego e Rego das Rozas, optando pola acumulación do devandito caudal mais diluído no oco mineiro”*, podería interpretarse que un obxectivo do proxecto de drenaxe é tamén a dilución temporal da contaminación achegada polos tres regos no maior volume de auga da balsa de Vieiro, o que contravén variada normativa de xestión de vertidos, comezando pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galiza (art. 83.6). Xa que logo, a propia administración ao autorizar este proxecto estaría contribuíndo ao incumprimento da lexislación básica de augas.

3. Sobre a situación da balsa de Vieiro: É de supoñer que, como figura nos condicionados da autorización, o proxecto definitivo para o control e tratamento dos efluentes da mina deberá contemplar tamén o destino das augas acumuladas na balsa de Vieiro, cuxo volume verase incrementado cos aportes procedentes da drenaxe temporal dos regos Felisa, Portapego e Angumil (regó das Rozas). Mentres, e como recolle o informe o Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, o obxectivo da drenaxe temporal sería *“garantir a supresión da saída de auga dende a zona de Arinteiro”* para dar conta do requerimento do organismo substantivo de minas de data 30/07/2018.

Porén, a balsa de Vieiro destino das augas bombeadas presenta importantes filtracións cara o dominio público hidráulico como tamén recollen as alegacións ao proxecto de drenaxe temporal que figuran no expediente, e as varias denuncias presentadas no seu momento perante o organismo ambiental e a administración

hidráulica. Tamén a Fiscalía de Medio Ambiente do TSXG mantén abertas dilixencias de investigación penal por estas e outras filtracións de augas contaminadas procedentes das balsas mineiras de Touro.

Portanto e dado o estado da balsa de Vieiro, a autorización do proxecto de drenaxe temporal podería supoñer o traslado da contaminación dos tres regatos da bacía do río Lañas (Felisa, Portapego e Angumil -ou rego das Rozas-) á bacía do río Brandelos polo regato Pucheiras, utilizando como *bypass* a propia balsa de Vieiro. Transvasar da contaminación dunha sub-bacía hidrolóxica moi deteriorada a outra en mellor estado, previa dilución encoberta, non semella o proceder correcto dunha administración hidráulica que debe velar polo bo estado dun recurso tan importante como é a auga.

Polo anteriormente exposto,

SOLICITA que, tendo por presentado este escrito, sírvase ditar resolución **estimando o recurso de alzada** interposto e deixando sen efecto a resolución recorrida. Asemade, solicitamos que por parte deste organismo autónomo:

1. Se obrigue a Explotaciones Gallegas SL. a presentar un proxecto para o control e tratamento das augas contaminadas pola actividade mineira, **con carácter previo** a calquera autorización, sexa temporal ou permanente, para o desvío ou bombeo de augas procedentes dos regatos que drenan a contorna da mina de Touro.
2. Se proceda a avaliar o estado da balsa de Vieiro no que atinxe ás filtracións reiteradamente denunciadas de augas contaminadas ao DPH, incoando no seu caso os preceitivos expedientes sancionadores.

En Compostela, 17 de novembro de 2020,

Asdo.: Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA

PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALIZA

CONSELLARÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE